

## FESTIVAL INTERNACIONAL DE XARDÍNS DE ALLARIZ REGULAMENTO

### 1. OBXECTIVOS

O Concello de Allariz establece como obxectivo prioritario do Festival Internacional de Xardíns de Allariz **favorecer e facilitar a sensibilidade cara a arte dos xardíns**, así como a importancia que ten a **valorización dos espazos verdes na mellora da calidade de vida da cidadanía**. Este proxecto contribúe ao achegamento das flores, as plantas e a arte ao espazo urbano, e de xeito simultáneo, á conservación e á posta en valor do medio rural, reflectida neste caso na paisaxe, aspecto congruente co recoñecemento da área de Allariz como Reserva da Biosfera polo Programa Home – Biosfera da UNESCO.

O presente regulamento establece as bases para a convocatoria dos xardíns que se exhibirán cada ano no Parque do Festival Internacional de Xardíns de Allariz; os xardíns seleccionados serán tantos como espazos haxa dispoñibles, permanecendo exposto no recinto o máis votado durante un ano máis.

### 2. LOCAL E SEDE DO FESTIVAL

- a. O Festival Internacional de Xardíns de Allariz localízase en Allariz, nas marxes do río Arnoia, entre a Fábrica de Curtidos da “Familia Nogueiras” e o parque do Ferradal.
- b. A sede do enderezo do Festival fíxase na Casa do Concello de Allariz (Praza Maior,1) podendo este establecer outro local para tal fin.

### 3. DATA DO FESTIVAL

O Festival permanecerá aberto dende mediados do mes de maio ata o 30 de outubro, no horario fixado pola dirección.

#### 4. XURADO DO CONCURSO DE SELECCIÓN

- a. O xurado estará composto anualmente polos seguintes profesionais:
- Alcalde de Allariz – Director do Festival Internacional de Xardíns de Allariz (FIXA).
  - Francisco Caldeira Cabral – Presidente do xurado do FIXA. Arquitecto paisaxista especialista en xardinería e espazos verdes.
  - Técnico/a especialista en arquitectura paisaxística, xardinería e espazos verdes.
  - Técnico/a, representante do Concello de Allariz, especialista en deseño de espazos públicos.
  - Técnico/a paisaxista, membro representante de entidades relacionadas co paisaxismo.
  - Técnico/a membro representante da Universidade.
  - Técnico/a especialista da área de turismo.
- b. O Concello de Allariz será o encargado de designar o presidente do xurado e os seus compoñentes.
- c. Se na fase de concurso se rexistrase algunha proposta da que formase parte un membro do xurado ou se existise relación, directa o indirecta, que faga incompatible o seu posto no mesmo, o membro en cuestión será substituído obrigatoriamente por outro, a elixir polo Concello.
- d. O xurado reunirase na sede do Festival para seleccionar os mellores proxectos e presentará o resultado ao director.
- e. O xurado seleccionará os xardíns necesarios para a totalidade dos espazos do Parque; mais se as propostas non reunisen os mínimos niveis de calidade, o xurado pode decidir a permanencia da edición anterior no Festival de Xardíns. O Concello poderá, se así o decide, invitar a paisaxistas para presentar as súas propostas.
- f. O Concello de Allariz resérvase o dereito de convidar directamente a personalidades destacadas para que presenten as súas propostas dentro do concurso do Festival.

## **5. DIRECCIÓN DO FESTIVAL**

A dirección do Festival Internacional de Xardíns de Allariz será asumida polo alcalde ou pola persoa na que el delegue.

## **6. COMPETENCIAS DO DIRECTOR**

- a. Representar o Festival no país e no estranxeiro.
- b. Promover todas as accións ao respecto do concurso e da construción de cada Festival.
- c. Promover as accións de marketing e publicidade do Festival.
- d. Asegurar as condicións de funcionamento óptimo do xurado na selección dos xardíns propostos no concurso.
- e. Asegurar e regulamentar o mantemento dos espazos que compoñen o Festival, tanto os xardíns permanentes como os anuais.
- f. Propor as accións axeitadas que aseguren o éxito do Festival, incluídas as inversións necesarias para o seu desenvolvemento.
- g. Xestionar con entidades públicas e privadas a busca de patrocinadores para o Festival e para os xardíns que anualmente sexan seleccionados.

## **7. AS CANDIDATURAS – CONCURSO**

- a. Poderá participar no concurso de xardíns unha persoa ou un grupo de cidadáns, de calquera país, ben sexa a título individual ou colectivo, incluídas as empresas, asociacións, cooperativas, os centros de ensino, as universidades, etc.
- b. Aos membros da candidatura non se lles esixirá formación específica.
- c. Cada concursante poderá presentar máis dunha proposta.
- d. O xurado seleccionará, preferentemente, só un xardín por concursante.

## 8. DOCUMENTACIÓN DAS PROPOSTAS

- a. Os concursantes presentarán as súas propostas en forma de proxecto base, de xeito que os materiais, as formas e o funcionamento do espazo sexan perfectamente perceptibles.
- b. O plano do espazo estará dispoñible en formato dixital na web do Festival: [www.allariz.gal/festival](http://www.allariz.gal/festival).
- c. **Os deseños deberán presentarse, obrigatoriamente, en formato dixital a través do correo electrónico [festivaldexardins@allariz.com](mailto:festivaldexardins@allariz.com).** Poderán presentarse, ademais, en formato papel, á elección do deseñador. Neste caso, a proposta hase presentar en formato A1, sobre unha superficie dura.

A documentación da candidatura será enviada en formato electrónico e debe conter:

- 1 arquivo **PDF** (formato A1) **presentando o deseño de maneira anónima, co nome do xardín e o plano xeral do xardín, especificando o número de parcela elixido.**
  - 1 arquivo **Word** xunto coa **memoria descritiva** do proxecto. Esta ocupará, como máximo, cinco páxinas de tamaño A4 e debe presentarse nunha das catro linguas regulamentarias: galego, español, inglés ou francés.
  - 1 **ficha** cos datos do/da candidato/a. (Achégase en anexos)
- d. A entrega da maqueta, as mostras de materiais e outras pezas é **voluntaria**.
  - e. As propostas **non** conterán solucións que requiran construcións en aglomerado ou albanelaría pesados, nin materiais ou plantas que, individualmente, teñan un peso superior a 100 kg.
  - f. As propostas non conterán solucións nas que sexa necesario recorrer a equipamentos pesados.
  - g. O orzamento de execución (inclúe materiais e man de obra) non superará os 10.000 €.
  - h. **Plantas.** O xurado dará prioridade á utilización das especies especificadas na lista publicada na páxina web do Festival:

[www.allariz.gal/festival](http://www.allariz.gal/festival). De non ser así, o participante deberá ter en conta os cambios de temperatura que teñen lugar en Ourense de maio a outubro.

- i. **Auga e electricidade na parcela.** Cada parcela contén unha toma de auga e de alimentación eléctrica de 220 voltios.
- j. **Materiais reciclables.** O xurado tamén dará prioridade á utilización de materiais de reciclaxe aportados polos xardíns de edicións anteriores.
- k. Tras as presentacións das propostas, cada equipo nomeará un único representante.
- l. As propostas seleccionadas que non cumpran as condicións do apartado 8, se así se verifica durante a presentación do proxecto de execución, serán eliminadas.

## 9. DATA E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS

- a. As propostas terán como prazo máximo de presentación o día **30 de novembro ás 14.00 h**, hora local.

Os envíos deben realizarse ao correo electrónico

[festivaldexardins@allariz.com](mailto:festivaldexardins@allariz.com).

Se o proxecto se entrega por correo postal, o participante deberá remitir o xustificante de envío (anterior á data límite de presentación de candidaturas) ao correo electrónico anteriormente indicado.

Enderezo postal:

Casa do Concello

Praza Maior, 1 – 32660 Allariz

- b. O director do Festival fixará anualmente o calendario de presentación de propostas e reunións do xurado.

## 10. SELECCIÓN DAS PROPOSTAS

- a. Os xardíns serán seleccionados polo xurado aplicando, entre outros, os seguintes **criterios**:
- O respecto e a adaptación conceptual proposta no tema da edición correspondente.
  - A orixinalidade, a coherencia e a claridade da proposta.
  - A contribución ao terreo da arte do xardín e á súa concepción.
  - A funcionalidade, a garantía de conservación e o mantemento do xardín durante o transcurso da edición vixente.
- b. O xurado terá como prazo máximo para a presentación dos resultados do concurso o 30 de decembro.
- No caso de que a dirección decida ampliar o prazo de presentación das propostas, o prazo máximo para a presentación dos resultados non poderá exceder de 30 días desde o ditame do xurado.
- c. Os concursantes serán notificados nun prazo máximo de **10 días** desde o anuncio dos resultados.
- d. Se houberse varias propostas para un mesmo espazo, o xurado poderá asignar outro espazo a algunha das propostas. Nese caso, a adaptación do proxecto ao novo espazo correrá por conta do concursante.
- e. As propostas axustaranse ás áreas e formas dos espazos existentes. A dirección do Festival ten potestade para asignar, de acordo cos concursantes, outros espazos libres no Parque do Festival.

## 11. PRESENTACIÓN DOS PROXECTOS APROBADOS E ESPECIFICACIÓN TÉCNICAS

- a. Os concursantes contarán cun prazo **máximo de 30 días** para presentar o proxecto de execución, tras a notificación da confirmación de selección da proposta.
- b. O **proxecto de execución** componse dos seguintes elementos: pezas descritivas – medicións, orzamento e especificacións técnicas; pezas deseñadas, plantas acoutadas e seccións, modelación e planimetría, pormenores da construción, plano de plantación.

**Enderezo de envío: ora@allariz.com**

- c. Os concursantes seleccionados deberán achegar, ademais do proxecto técnico, un **breve resumo de cada xardín** (máximo 250 palabras) e unha **breve descrición do autor ou dos autores** (máximo 150 palabras) a fin de identificalo no Festival, na web corporativa, así como no caso de se realice algunha publicación. Recoméndase que a súa entrega se faga en **español e inglés**.

**Enderezo de envío: festivaldexardins@allariz.com**

- d. A fin de avaliar e axustar as execucións para a presentación do proxecto, realizarase a interlocución necesaria entre a dirección e os concursantes, sendo posible realizar modificacións en relación coa seguridade do público, así como no que respecta á funcionalidade, á duración e ao mantemento do xardín.
- e. Aos efectos de divulgación dos proxectos, particularmente no catálogo do Festival, os concursantes deberán remitir en soporte electrónico, cando lles sexa requirido, as pezas deseñadas, esquemas, plantas, montaxes, fotografías... en calidade óptima para a súa reprodución.

## 12. CONSTRUCIÓN DOS XARDÍNS

O Concello de Allariz iniciará a execución dos xardíns a partir do **15 de xaneiro**.

### 13. PROPIEDAD DES XARDÍNS

Ao peche do Festival, os xardíns construídos serán propiedade do Concello, podendo este colocalos en espazos públicos, doalos a entidades que persigan fins públicos ou vendelos a particulares, pola mellor oferta en poxa pública.

### 14. DEREITOS DOS PARTICIPANTES NO CONCURSO

- a. Os participantes seleccionados recibirán un **diploma** de participación que expedirá o Concello de Allariz.
- b. Os concursantes asistirán, invitados, ao acto de apertura do Festival no que anualmente se dan cita paisaxistas recoñecidos, así como a prensa especializada no sector e outros medios de carácter xeral.
- c. O FIXA, na súa páxina web e nas redes sociais, publicará unha descrición de cada autor e da súa proposta.
- d. Edición do catálogo. En caso de que o FIXA edite un catálogo anual, identificarase nel a edición correspondente coa información de cada deseño.
- e. Todos os concursantes teñen dereito a entrar libremente no espazo do Festival, previa identificación.
- f. Cada concursante poderá contar con pases para os membros do equipo de traballo, cun número de entradas libres de **20** por xardín.
- g. Os concursantes poderán adquirir entradas, para efectos promocionais, ao 25% do custo normal da entrada do Festival, ata un máximo de 1.000 entradas por cada xardín.

### 16. TEMA DOS FESTIVAIS

- a. O Festival poderá ter un ou varios “temas” que aprobará a dirección mediante proposta do presidente do xurado.
- b. A divulgación do tema ou dos temas de cada ano farase mediante carteis, material promocional e a través da web e as redes sociais do Festival: [www.allariz.gal/festival](http://www.allariz.gal/festival).



## **17. PATROCINIOS**

Cada xardín será patrocinado por unha entidade colaboradora elixida pola dirección do Festival, que tamén decidirá o valor do patrocinio, en función do orzamento, dos materiais usados e dos valores do mercado.

## **18. OUTROS EVENTOS**

- a. No recinto do Festival poderán realizarse eventos de carácter cultural e recreativo, feiras ou exposicións relacionadas coa arte, espazos verdes, mobiliario urbano ou outros compatibles coa exhibición simultánea do Festival.
- b. É competencia da dirección do Festival fixar o regulamento de uso dos espazos e a selección dos potenciais interesados na venta ou exposición.

## **19. SELECCIÓN DO PÚBLICO**

O público terá a oportunidade de elixir os tres xardíns preferidos, mediante voto secreto. Ao final do Festival divulgaranse os resultados, previo reconto dos votos, en presenza do secretario do Concello.

O xardín que reciba máis votos permanecerá exposto no recinto na seguinte edición.

## **20. CASOS OMISOS**

A dirección do Festival resolverá os casos omisos no presente regulamento, sen que haxa lugar a reclamacións ou indemnizacións por parte do concursante.

## **21. ENTRADA EN VIGOR**

O presente regulamento entrará en vigor nun prazo de 10 días desde a súa aprobación polo pleno municipal, debendo ser publicado nos lugares habituais e na web do Festival: [www.allariz.gal/festival](http://www.allariz.gal/festival).

**FICHA ANEXA (A entregar xunto coa memoria descriptiva)**

NOME DO PROXECTO

PARCELA ELIXIDA

ORZAMENTO APROXIMADO

NOMES DO EQUIPO

NOME DO VOCEIRO DO EQUIPO

PROCEDENCIA

CONTACTO (endereço postal, correo electrónico, teléfono, web)